



# nota de prensa

## **Veciñanza habilita na súa web un espazo para informar de convocatorias de axudas e subvencións públicas de interese cidadá**

---

*O desexable sería que fose o propio Concello de Cuntis quen fixese o traballo de informar, especialmente cando se conta con todas as ferramentas de difusión que a día de hoxe hai. Pero se por algo destaca o Goberno Municipal é polas súas carencias en materia informativa*

---

Cuntis, 11 de xullo de 2017. A importancia das redes sociais como medios de información, difusión e colaboración é un dos eixos centrais sobre os que avanza a actividade de Veciñanza. O compromiso coa transparencia fai que a nosa web sexa xa referencia na información da actividade municipal. Informamos nos nosos perfís dixitais de convocatorias de plenos, ofrecemos crónicas e todos os datos de interese sobre a vida política municipal aos que temos acceso como grupo da oposición. Veciñanza é o único grupo político de Cuntis con presenza continua nas redes sociais e ademais de gravar e publicar íntegros todos os plenos asume a tarefa informativa como unha das súas principais razóns de ser.

Agora Veciñanza amplía ese obxectivo e habilita na web ([www.veciñanza.gal](http://www.veciñanza.gal)) **un novo espazo adicado a recompilar axudas e subvencións públicas de interese cidadá que se convoquen dende calquera administración pública. Deste xeito, calquera veciño/a ou entidade pode informarse mediante a web de Veciñanza de convocatorias de interese (tanto para particulares como para asociacións, colectivos ou entidades de calquera tipo) ás que pode optar.** Non é doado moitas veces ter acceso a todas as posibilidades e Veciñanza pretende, con este traballo, contribuír na medida do posible a recompilar nun único sitio na rede esas axudas que poidan resultar de interese.

O desexable sería que fose a propia administración a que fixese o traballo de informar, especialmente cando se conta con todas as ferramentas de difusión que a día de hoxe hai. Se por algo destaca o Goberno de Cuntis é polas súas carencias en materia informativa e de transparencia, así como pola escasa utilidade dos seus espazos nas redes sociais. Pola contra, Veciñanza demostra deste xeito que a comunicación non é hoxe en día un detalle secundario e o aproveitamento das ferramentas dixitais pode ser de gran utilidade para os veciños e veciñas.

